

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**16674** *Real decreto 1490/2011, do 24 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional.*

A Estratexia para unha Economía Sustentable, aprobada polo Consello de Ministros en novembro de 2009, articula un ambicioso e exixente programa de reformas que inclúe un variado elenco de iniciativas lexislativas, regulamentarias e administrativas, así como a promoción de cambios en ámbitos específicos da economía española, como o laboral ou o da Comisión do Pacto de Toledo. Todas elas pretenden estar ao servizo dun novo crecemento equilibrado, duradeiro e sustentable.

Neste contexto, co obxecto de cumprir coa finalidade de conseguir un maior desenvolvemento e transparencia na mediación de seguros e reaseguros, de acordo coa Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, a disposición derradeira décimo segunda da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, introduciu importantes reformas que obrigan a realizar as modificacións oportunas nas distintas normas de desenvolvemento da Lei 26/2006, do 17 de xullo, e, en particular, no Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional. En concreto, a aparición da figura dos auxiliares-asesores fai necesario que se acomoden a esta nova figura as disposicións relativas á acreditación da formación dos mediadores. A competencia profesional dos mediadores é fundamental para garantir un bo servizo aos clientes. Por esta razón, establécense unhas necesidades específicas de formación no caso dos auxiliares-asesores que, tal e como establece o artigo 8 da Lei 26/2006, prestan servizos de captación á clientela, asistencia na xestión, execución e formalización dos contratos de seguro ou en caso de sinistro.

Por outra parte, incorpóranse dous novos parágrafos ao artigo 12 do Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, para aclarar e determinar os requisitos de formación das persoas que imparten os cursos de formación de mediadores, que son obxecto de desenvolvemento por parte da Resolución do 18 de febreiro de 2011, da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, pola que se establecen os requisitos e principios básicos dos programas de formación para os mediadores de seguros, corredores de reaseguros e demais persoas que participen directamente na mediación dos seguros e reaseguros privados.

A disposición derradeira segunda da Lei 26/2006, do 17 de xullo, atribúe ao Goberno, por proposta do ministro de Economía e Facenda, logo de audiencia da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, a facultade de desenvolver a citada lei nas materias que se atribúen expresamente á potestade regulamentaria, así como, en xeral, en todas aquelas susceptibles de desenvolvemento regulamentario en que for preciso para a súa correcta execución.

Este real decreto recibiu informe da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta do Goberno de Asuntos Económicos e ministra de Economía e Facenda, coa aprobación previa do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros do día 21 de outubro de 2011,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional.*

O Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 10 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 10. *Acreditación de coñecementos necesarios.*

1. As persoas físicas que realicen a actividade de auxiliar-asesor ou que accedan ao exercicio da actividade de mediación como mediadores de seguros ou corredores de reaseguros residentes ou domiciliados en España deberán acreditar, como requisito previo, coñecementos necesarios mediante a superación de cursos de formación ou probas de aptitude en materias financeiras e de seguros privados.

O contido e duración dos cursos de formación e das probas de aptitude establécense en función das seguintes categorías:

a) Grupo A: exixírase un curso de formación ou, alternativamente, a superación dunha proba de aptitude ás persoas físicas axentes de seguros vinculados, corredores de seguros e corredores de reaseguros; ao menos, á metade das persoas que integran o órgano de dirección das persoas xurídicas axentes de seguros vinculados, operadores de banca-seguros vinculados, corredores de seguros e corredores de reaseguros e, en todo caso, ás persoas que exerzan a dirección técnica de todos eles.

b) Grupo B: exixírase un curso de formación aos auxiliares-asesores persoas físicas; ao menos á metade das persoas que integran o órgano de dirección dos auxiliares-asesores que sexan persoas xurídicas; aos axentes de seguros exclusivos, persoas físicas; ao menos, á metade das persoas que integran a dirección das persoas xurídicas axentes de seguros exclusivos, ao menos, á metade das persoas que integran o órgano de dirección dos operadores de banca-seguros exclusivos e, en todo caso, aos que exerzan a dirección técnica de todos eles; aos empregados dos auxiliares-asesores que presten asistencia na xestión, execución e formalización dos contratos de seguro ou, en caso de sinistro, ás persoas que integran as redes de distribución dos operadores de banca-seguros, e aos empregados dos mediadores de seguros e corredores de reaseguros, sempre que se lles atribúan funcións de asesoramento e asistencia aos clientes e participen directamente na mediación dos seguros ou reaseguros.

c) Grupo C: exixírase un curso de formación aos auxiliares externos dos mediadores de seguros ou corredores de reaseguros, aos empregados de calquera das clases de mediadores de seguros ou corredores de reaseguros que desempeñen funcións auxiliares de captación de clientes ou de tramitación administrativa sen prestaren asesoramento nin asistencia aos clientes na xestión, execución ou formalización dos contratos ou en caso de sinistro.»

Dous. O artigo 11 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 11. *Requisitos previos para participar nos cursos de formación e nas probas de aptitude.*

1. As persoas físicas que desexen participar nos cursos de formación ou nas probas de aptitude do grupo A para exercer como mediadores de seguros ou

corredores de reaseguros residentes ou domiciliados en España deberán estar en posesión do título de bacharel ou equivalente.

2. As persoas físicas que desexen participar nos cursos de formación do grupo B para exercer como auxiliares-asesores ou como mediadores de seguros residentes ou domiciliados en España deberán estar en posesión do título de graduado en educación secundaria ou equivalente.

3. Os posuidores de títulos procedentes de sistemas educativos estranxeiros que se correspondan cos títulos a que se refiren os anteriores números 1 e 2 deberán acreditar a homologación deles de acordo coa correspondente normativa en materia de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria.»

Tres. O artigo 12 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 12. *Contido, duración e persoal dos cursos de formación e das probas de aptitude.*

1. O programa dos cursos de formación e das probas de aptitude adaptarase ao contido que se estableza por resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, en función das distintas categorías enumeradas no artigo 10.

2. Os cursos de formación terán a seguinte duración:

a) Grupo A: o curso de formación terá unha duración mínima de 500 horas, e débense garantir, en todo caso, uns coñecementos adecuados das persoas formadas para o exercicio das súas funcións.

b) Grupo B: o curso de formación terá unha duración de 200 horas, salvo que na memoria de execución se indique unha duración distinta en función do tipo ou tipos de seguro ou reaseguro que sexan obxecto de mediación e das características concretas da actividade de mediación que deba desenvolver a persoa formada. A duración do curso de formación poderá ser inferior á prevista, sempre que se xustifique esta circunstancia na memoria de execución tendo en consideración os criterios obxectivos que se especifiquen por resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

c) Grupo C: o curso de formación terá unha duración de 50 horas, salvo que na memoria de execución se indique unha duración distinta en función das características concretas da actividade que deba desenvolver a persoa formada. A duración do curso de formación poderá ser inferior á prevista, sempre que se xustifique esta circunstancia na memoria de execución tendo en consideración os criterios obxectivos que se especifiquen por resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

3. As persoas que pretendan exercer como profesores dos cursos de formación correspondentes ao grupo A ou ser membros da comisión de valoración das probas de aptitude deberán estar en posesión dun título universitario de grao ou ben doutro título oficial universitario, de acordo coa anterior regulación desta materia, relacionado co contido que se estableza por resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Así mesmo, presumirase que posúen cualificación suficiente para o ensino e para formaren parte da comisión de valoración, sempre que demostren unha experiencia profesional ou docente nas materias do programa ou no exercicio da actividade aseguradora ou de mediación de seguros ou de reaseguros durante, ao menos, cinco anos.

4. As persoas que pretendan exercer como profesores dos cursos de formación correspondentes ao grupo B e C deberán estar en posesión dun título universitario de grao ou ben doutro título oficial universitario, de acordo coa anterior regulación desta materia, relacionado co contido que se estableza por resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Así mesmo, presumirase

que posúen cualificación suficiente para o ensino e para formaren parte da comisión de valoración, sempre que demostren unha experiencia profesional ou docente nas materias do programa ou no exercicio da actividade aseguradora ou de mediación de seguros ou de reaseguros durante, ao menos, dous anos.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno de Asuntos Económicos  
e ministra de Economía e Facenda,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ